

PEZA DO MES


setembro

2016



EXPLICACIÓN AOS SALMOS SÉCULO XVI

XUNTA DE GALICIA



GRAVADO DA PORTADA DO LIBRO

Explicación aos Salmos: ¿unha obra contra Erasmo de Rotterdam e outros tradutores?

Preámbulo

A palabra salmo, deriva do vocábulo grego *Ψαλτήριον* (instrumento de cordas en forma de cítara), porque un profeta, dinos S. Isidoro, cantábao e acompañabao do salterio e coro. Debemos recordar que a primeira tradución do texto bíblico hebreo, e, por tanto, dos salmos, foi en Alexandría, a dos LXX, ou Septuaginta: a dinastía dos Ptolomeos primeiro e, despois, a propia comunidade xudía alexandrina verteron en grego as escrituras hebreas e engadiron algúns máis (o Eclesiástico, engadidos gregos de Ester e Daniel, Baruc, os libros 1, 2, 3, e 4 de Macabeos e Sabedoría). En hebreo denominase Libro dos Himnos. Na orixe, os salmos van sempre en verso, e nas traducións posteriores así quedaron pero xa en versos alcaicos e iámbicos.

O groso desta literatura poética é composta e recompilada na época postexiliaca (s. V-III a. C.). Para as edicións críticas hai unha numeración dobre.

A primeira, que correspondería ao texto hebreo tradicional e unha segunda, que correspondería á tradución ao grego dos LXX. A numeración dos salmos é dobre: a do texto hebreo tradicional e a da tradución grega dos LXX. A diferenza débese a unha anomalía nun proceso de formación e transmisión que durou varios séculos.

En canto ás características literarias, o Salterio está dividido en cinco libros a imitación do Pentateuco (sal 1-41; 42-72; 73-89; 90-106; e 107-150).

Os encabezamentos de case todos os salmos (uns 116) ofrecen boa información técnica (nome do salmo) e musical; sobre o suposto autor: Moisés, David, Salomón, Asaf, Fillos de Coré; Hemán e Etán; datos históricos de David ou de Israel; xéneros literarios (himnos, que son de loanza a Deus; de súplica por guerra, exilio, enfermidade, morte, seca, e sapienciais, que son de instrución litúrxica).

Nos primeiros séculos do cristianismo, perdura o rezo e meditación dos salmos, e así nolo testifica Exeria (c. 380), autora da *Peregrinatio ad Loca Sancta*, do mesmo modo que no Leccionario Armenio (s. V) e no Leccionario Georgiano (s. VIII). Xa nos testemuños literarios medievais hispánicos hai referencias a este libro dende o século IX, no que se doan a Samos, entre outros libros, o *Psalterium*. E no X, ao mosteiro de San Pedro de Montes, no 918, o rei Ordoño II, doa á dita comunidade: *Psalterium*; a Celanova, no 942, doa dous volumes, o propio San Rosendo: *Antiphonarium II*, e Sobrado dos Monxes, no 952, doazón dos condes de Présaras, Hermenexildo e Paterna: *Antiphonarium et psalterium cum psalimis, canticis et hymnis*.

Esta tradición cristiá, convivirá ao mesmo tempo nas comunidades hebreas dispersas, tanto por España como por Europa, como nos relata o navarro Benxamín de Tudela († 1175) no seu Libro de Viaxes, no que conta como se rezan os salmos no Santo Sepulcro e no Muro das Lamentacións.

Ademais, é un libro que nunca faltou nas bibliotecas dos homes e mulleres humanistas do Renacemento: Erasmo de Rotterdam, Luis Vives, Fr. Luís de León, Filipe II ou Dona Beatriz de Castro, condesa de Lemos, viúva de D. Dinís de Portugal e logo desposada con D. Álvaro Osorio, nai da condesa de Ribadavia, Leonor.

Elucidatio in Psalmos

A obra que traemos aquí é unha tradución ao latín dos salmos. No século XVI, houbo varios intentos de traducilos ás linguas vernáculas. O primeiro foi Xoán de Campeu, pero chocou co arcebispo de Palermo,

quen defendeu a Titelmans e a esta obra. É Francisco de Vergara quen, en 1523, publica Comentario aos Salmos, en Alcalá de Henares, impresa por Miguel de Eguía. É en Tudela, onde uns anos antes, e da man do Cardeal Cisneros, chega o erasmismo, como forma de humanismo cristián. Ademais, en xullo de 1528, o cóengo de León, Bernardo Pérez publica a tradución duns comentarios aos Salmos de Erasmo. A tradución ao Salterio de David ve a luz en Lisboa, no 1529, por Gómez de Santoginia. Era un dos que figuraba na biblioteca do párroco de Torbeo (Lugo) en 1566. Tamén houbo versión manuscrita, pese a estar ambas as dúas formas prohibidas, mais circularon grandemente. Debemos indicar que, dende a aparición da Políglota Complutense (1514-1517) ata *El Quijote* (1605), o erasmismo exerceu moita influencia ao norte dos Pireneos e en certos grupos minoritarios deste país. Erasmo ensinou a rezar a Deus, que é o dos salmos, e os cristiáns novos como Laínez (segundo xeneral da Compañía de Xesús) ou S. Xoán de Ávila uníronse a esta tradición salmística e de profetismo hebreo. Erasmo (ca. 1469 Bassel, 1536), aínda que é autor enciclopédico, tan só comentou algúns dos salmos: *Beatus vir; Enarrationes in primum psalmum; In quattuor psalmos; In tertium psalmum e Miserere mei Deus*. Xa no *Index Librorum Prohibitorum* de 1559 aparecen condenadas estas cinco obras como prohibidas e no de 1584, todas as súas obras.

A primeira edición desta obra é do ano 1531, realizouse en Amberes nos talleres de Martino Cesar. A segunda, esta á que nos referimos é una coedición realizada entre París e Lyon. Na primeira cidade Xoan Roigny *sub basilisco* e na segunda os irmáns Xoán e Francisco Frelleos, *sub scuto coloniensi*. Curiosamente, na portada, aparece un taller tipográfico, cos materiais que se usaban para confeccionar un libro e ao fondo, un personaxe lendo unha páxina.

A paxinación vai en folios en numeración romana. O libro fórmano tres volumes, o primeiro ata o folio 216v; o segundo dende o 217r hasta o 313v; e o terceiro, que comeza cunha numeración arábiga, vai dende o 1r ata o 4v. Neste último inclúe tipografías en hebreo, caldeo e grego. Ao comezo inclúese a dedicatoria do autor a Carlos V, firmada en Lovaina, no 1531. Ao final, no colofón o autor remata coa frase: «Bene vala Philochiste lector».

A disposición do texto conta con catro sectores tipográficos. O primeiro, á marxe, en letra de maior corpo, con fermosa inicial, que é o texto crítico latino do salmo. O segundo, é o encabezamento, co argumento de que trata, en corpo menor. O terceiro, en letra menor, son os comentarios que o autor, Francisco Titelmans fai, e porta notas bíblicas

marxinais, e o cuarto e derradeiro, son as notas de carácter filolóxico. Curiosamente, un lector erudito descoñecido, do século XVI, corrixiu certas erratas tipográficas no texto, incluso certas paxinacións. Nada del coñecemos, pero contentámonos con dicir, ademais que do seu alto coñecemento escriturístico, era de moita meticulosidade. E dende este lector non se volve a ter máis noticias do libro ata 1906, no que figura no *Boletín de la Comisión de Monumentos*, entre as obras adquiridas xunto a un libro coral dominico, tamén do século XVI e un dicionario en francés.

A encadernación faise en pel marrón con cinco nervios con filetes dobres no lombo. A tapa é de tipo plateresca, con tres orlas concéntricas separadas por tres entrerrúas, sen ningún tipo de decoración; executadas con rodas de cabezas toucadas, roleos e motivos vexetais, pola súa vez enmarcadas por tres filetes, tamén gofrados. Un deles, o central, de fío fino. A técnica é o gofrado en seco. No seu día tiña pechaduras hoxe perdidas. No corte dianteiro porta a anotación manuscrita: ♁ TITELMANS IN PS[almos] e no lombo: A/126, que se correspondería co autor, título e número de andel. As medidas son 33 cm de longo, por 21 cm de largo e 5 cm de grosor.

Trátase dunha edición póstuma, pois Titelmans falece en 1537. No ano anterior, tamén en Bassel, morre o seu grande adversario, Erasmo de Rotterdam, e entra triunfal en Roma Carlos V, a quen lle dedicou esta obra, pese ao Sacco de Roma, en 1527. É pois, unha obra da ortodoxia anterior a Trento e á Reforma, que fronte a un cristianismo de fontes e lecturas fondas prefería textos ríxidos e impostos. Aínda así, o labor, tanto de tradución e de edición políglota, é encomiable, máximo se pensamos a dificultade de atopar tipos en caldeo ou hebreo, e aínda maior de tipógrafos que souberan utilízalos. Estamos ante unha magnífica edición, non só textual, senón tipográfica, da que se conserva outro exemplar na Biblioteca Universitaria compostelá, cun exemplar procedente do que no seu día tamén foi un centro humanístico, o Colexio da Compañía de Xesús de Monterrei (Ourense).



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Justo Carnicero Méndez-Aguirre

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA